



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ANUNCIO

ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DUN/DUNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVO PARA OS PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS REDES DE FAIXAS SECUNDARIAS.

EXPEDIENTE: 2025/E001/000011

DATA DE PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 21 DE NOVIEMBRE DE 2025.

De conformidade co disposto na Base 5ª da Convocatoria para a contratación laboral temporal dun/dunha auxiliar administrativo para os procedementos de xestión da biomasa nas redes de faixas secundarias ao abeiro da Orde do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, para o ano 2025 (código de procedemento TR350E) publicada no DOG número 160 do 22 de agosto de 2025, faise público o Decreto da Alcaldía de data 21 de novembro de 2025, mediante o cal se aproba a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos para participar no procedemento de selección, decreto que a continuación se transcribe:

“DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DUN/DUNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVO PARA OS PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS REDES DE FAIXAS SECUNDARIAS.

NÚM. EXPTE. DECRETO: 2025/G003/001006

NÚM. EXPTE.: 2025/E001/000011

Visto que mediante Decreto de Alcaldía núm. 879/2025 de data 10/11/2025 se aprobaron a bases que rexen a convocatoria de selección de persoal laboral temporal, mediante concurso, para a contratación dun/dunha auxiliar administrativo para os procedementos de xestión da biomasa nas redes de faixas secundarias ao abeiro da Orde do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, para o ano 2025 (código de procedemento TR350E) publicada no DOG número 160 do 22 de agosto de 2025.

Visto que tanto a convocatoria como as bases de selección foron obxecto de publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Camariñas en data 10/11/2025 e a título meramente informativo na mesma data na sede electrónica do Concello de Camariñas.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Considerando que ten finalizado o prazo de presentación de solicitudes para tomar parte no presente proceso selectivo, revisadas as mesmas e visto que tódolos aspirantes que teñen presentado a solicitude cumpren coas condicións establecidas na base 3ª e 4ª que rexe a convocatoria, de conformidade co previsto na base quinta da convocatoria e en uso das competencias que me atribúe o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a seguinte lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación laboral temporal dun/dunha auxiliar administrativo para os procedementos de xestión da biomasa nas redes de faixas secundarias,

Admitidos definitivamente:

NÚM.	APELIDOS E NOME	DNI
1	PIÑÓN BUGEIRO, SUSANA	***1116**
2	ANTELO MOREIRA, MARTA	***2681**

Excluídos definitivamente:

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñece aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante a correspondente resolución. Se nun momento posterior se desprende que non se posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos.

Segundo.- Que o Tribunal cualificador se reúna para a súa constitución e para a valoración de méritos alegados o **día 25 de novembro de 2025, ás 9:00 horas**, na Casa do Concello de Camariñas.

Terceiro.- Facer público o presente decreto mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello e, a efectos meramente informativos, no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Camariñas.

Cuarto.- Dar traslado do presente decreto aos membros do Tribunal Cualificador.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública”.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura a marxe pola alcaldesa Dª Sandra Insua Rial.